PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
22 FEB. 2017
Núm. 1606

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de marzo de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

1.1 3583 (10/POC-000583)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 5 máis
Sobre a produción de viño rexistrada en Galicia no ano 2016, o valor do comercializado na campaña 2015-2016 e a evolución das cifras de exportación nos últimos anos, así como as medidas postas en marcha pola Consellería do Medio Rural para mellorar a produción, a comercialización e a internacionalización do sector vitivinícola
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 25.01.2017

1.2 4480 (10/POC-000766)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración no ano 2017 dun plan estratéxico de innovación no medio rural dirixido á sustentabilidade das explotacións agrogandeiras e das pequenas e medianas industrias agroalimentarias, a dotación ao Instituto Galego da Calidade Alimentaria dos medios humanos e materiais necesarios, así como a aprobación do regulamento de adaptación dos seus estatutos aos da axencia pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

1.3 4607 (10/POC-000788)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos impagos que están a padecer os gandeiros das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal por parte dos operadores intermediarios coas industrias transformadoras do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
22 FEB. 2017
Núm. 1606

leite, a existencia deste problema noutras comarcas e as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural para evitalo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

1.4 4657 (10/POC-000797)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Consellería do Medio Rural para o pagamento dos seus servizos ao persoal que desenvolveu o labor docente establecido no Plan de formación continuada no agro galego 2016, así como as medidas que vai adoptar para evitar esta situación no ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

1.5 4832 (10/POC-000839)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Salgado, Carlos e 6 máis
Sobre o alcance e a situación actual da praga de couza guatemalteca da pataca en Galicia, as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego desde que se detectou a súa presenza e as previsións da Consellería do Medio Rural cara ao futuro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

2.1 4552 (10/PNC-000435)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas carencias de persoal cualificado que padecen as explotacións gandeiras de vacún de leite
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

2.2 4707 (10/PNC-000450)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Agricultura en relación coa praga de couza guatemalteca que está a afectar a plantación de pataca
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
22 FEB. 2017
Núm. 1606

2.3 4754 (10/PNC-000457)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para controlar e erradicar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca, atender os cultivadores afectados e cubrir os danos futuros, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 23/02/2017 9:46:23